

O sábado 11 de maio disputáronse en Verín as finais provinciales de fútbol sala nas diferentes categorías de base. Como ven sendo habitual nos últimos anos a escola de fútbol sala municipal estivo representada en esta ocasión na categoría benxamín e cadete femenino. Os benxamíns tras perder co Ponte Ourense nun excepcional partido, remataría en terceira posición ao gañar no 3º e 4º posto ao Antela de Xinzo, mentres na final o Ponte Ourense impuñase aos locais de Verín. En categoría feminina as rapazas da escola de Celanova disputaban a final co potente equipo do Cidade das Burgas caendo derrotadas por 3-1 pero poñéndollo moi difícil ata o final.

---